

BASES CARREIRA DOS INSTITUTOS

1.- Información Xeral:

O próximo día 25 de abril de 2025 ás 10:30 h. celebrarase en Cambados o “*Memorial Alejandro García Fariña: Carreira Dos Institutos*”. A saída será desde a Alameda de Sto. Tomé, cun percorrido de aproximadamente 3 quilómetros.

Percorrido: ver mapa.

SAÍDA desde a Alameda de Sto. Tomé; Paseo Marítimo; Rúa Príncipe; Praza de Asorey; Avda. de Madrid; Rúa de S. Francisco; Igrexa de San Francisco; Rúa Os Pazos; Avda. da Pastora; Museo do Viño; Trva. de Santa Mariña; Rúa Os Caeiros. **META:** pavillón do IES Francisco Asorey.

2.- Inscricións:

Poden inscribirse todos os alumnos e alumnas do IES Ramón Cabanillas, Colexio Salesianos – A Mercé e IES Francisco Asorey, así como persoal docente e non docente de cada un dos centros, respectivamente. As inscricións realízanse a través de <https://cronotec.es/> ata o luns 21 de abril, ás 23:59 h.

3.- Regulamento:

3.1.- A Carreira dos Institutos celebrarase o venres 25 de abril ás 10:30 horas.

3.2.- Será descualificado calquera atleta que, sabendo da súa imposibilidade de participar, proporcione datos erróneos á Organización, para poder facelo.

3.3.- Terase en conta a idade dos participantes a 31 de decembro de 2024, para seren inscritos na súa correspondente categoría (infantil, cadete, xeral, veteranos e veteranas).

3.4.- O dorsal deberá colocarse obrigatoriamente no peito, sen retocar, manipular, nin dobrar.

3.5.- Serán descualificados todos aqueles corredores que non leven o dorsal ben visible, non realicen o percorrido completo, ou dean mostras dun comportamento antideportivo.

3.6.- A organización reserva a facultade de que, comprobada calquera irregularidade, como falsificación de datos, non completar o percorrido, etc... impedir a súa participación.

3.7.- Está prohibido correr sen estar inscrito e sen dorsal. A persoa que estea nesta circunstancia será apartado da carreira e non poderá tomar a saída. Tampouco está permitido intercambiar e/ou ceder o dorsal, xa que este é persoal e intransferible.

4.- Premios:

Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados e clasificadas (1º, 2º e 3º) en cada unha das categorías, tanto masculinas coma femininas (infantil homes e infantil mulleres; cadetes homes e cadetes mulleres; xeral homes e xeral mulleres; veteranos homes e veteranos mulleres). Ademais, haberá reparto de medallas para os seguintes clasificados.

5.- A participación na competición supón a aceptación destas bases, reservándose a Organización o dereito a modificar aqueles aspectos da proba ou incluso a suspender a mesma por causa de forza maior se fose necesario. En caso de dúbida prevalecerá o criterio da Organización.